



## Concello de Mugardos

---

# NORMAS DE FUNCIONAMENTO (RRI) ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS CONCELLO DE MUGARDOS

### INDICE

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación.....	2
Capítulo II. Procedemento de ingreso.....	3
Capítulo III. Obxectivos da escola.....	6
Capítulo IV. Horario de apertura da escola.....	7
Capítulo V. Causas da baixa do alumnado na escola .....	9
Capítulo VI. Referente ás Familias.....	10
Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar.....	13
Capítulo VIII. Normas para o alumnado.....	15
Capítulo IX. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas.....	17
Capítulo X . A lingua.....	18
Capítulo XI. Persoal.....	18
Capítulo XII. Réxime de cobramento.....	19
Capítulo XIII. Medidas de seguridade e hixiene.....	21
Capítulo XIV. Libro de Reclamacións.....	22
Capítulo XV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento.....	22
Capítulo XVI. Normativa de Aplicación.....	23





## Concello de Mugardos

---

### Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

#### Artigo 1º. Normas de Funcionamento

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal (EIM) As Lagoas do Concello de Mugardos.

#### Artigo 2º. Ámbito de aplicación

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas o Concello de Mugardos, de atención a primeira infancia, que se configura como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos..

#### Artigo 3º. Obxecto

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás súas persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión, condición social ou económica, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral do alumnado.

A EIM As Lagoas colaborará estreitamente cos proxenitores, persoas titoras e representantes legais dos e das usuario/as co fin de facilitarlle a necesaria conciliación da súa vida familiar e laboral.

#### Artigo 4º. Capacidade

A Escola Infantil Municipal As Lagoas conta con 3 unidades e 41 prazas autorizadas, distribuídas en:

- 1 unidade 0-1 ..... 8 prazas
- 1 unidade 1-2 ..... 13 prazas
- 1 unidade 2-3 ..... 20 prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15





## Concello de Mugardos

---

### Capítulo II. Procedemento de ingreso

#### Artigo 5º. Persoas solicitantes

Poderán solicitar praza na escola infantil os proxenitores, persoas titoras e representantes legais con nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez que o neno/a **teña cumpridos os 3 meses**.

No momento do seu ingreso, o persoal da escola abrialle un expediente persoal individual no que fará constar, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono, que terán carácter confidencial, e que poderán servir para comunicar algunha urxencia, así como para calquera outra que así o requira.

#### Artigo 6º Procedemento de reserva de praza e ingreso

##### 1. Reserva de Praza e novo ingreso

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deberán coñecer antes de formalizar a súa solicitude de reserva de praza/matricula, as normas de funcionamento da escola infantil e o seu Proxecto Educativo do Centro xunto coa correspondente proposta pedagóxica. Para esta finalidade, A escola facilitaralle, polos medios acordados, as presentes normas visadas e o Proxecto Educativo, deixando constancia expresa da entrega e aceptación das mesmas.

As solicitudes terán que estar asinadas por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída exclusivamente a un deles. En ambos casos, deben presentar a súa resolución xudicial ou interposición de demanda de separación.

As solicitudes, serán atendidas segundo **o baremo establecido na Ordenanza Fiscal**.

No caso de que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente, requiriráselle ás persoas solicitantes a súa emenda.

Así mesmo, facilitaráselle as persoas solicitantes, un xustificante co número de inscrición da súa solicitude.

Se o neno/a non se incorporara a escola no inicio do curso, perderá o dereito a praza e non se lle devolverá a cota aboada aos seus solicitantes para a súa reserva (se é o caso), agás causa xustificada do atraso na incorporación.

A non asistencia á escola infantil durante un período de 5 días sen xustificación dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade sendo asumido o pagamento por parte da familia se non quere causar baixa definitiva na escola.





## Concello de Mugardos

---

### a) Criterios de prioridade para adxudicación de prazas

Co obxecto de darlles continuidade ás prazas adxudicadas no curso anterior, gozan de preferencia, para a adxudicación de solicitudes de praza, os/as nenos/as con praza adxudicada no curso anterior sempre que cumpran os requisitos:

1. As solicitudes para nenos e nenas de familias empadroadas no Concello de Mugardos
1. As solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados na mesma escola no curso anterior
2. As solicitudes de fillos/fillas do persoal que preste servizo na escola infantil
3. As solicitudes para nenos/as con irmás ou irmáns con praza renovada na mesma escola.
4. As solicitudes para nenos/as en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles, no caso de familias monoparentais, xustifiquen estar ocupadas laboralmente. O requisito de estar traballando será comprobado pola escola infantil de forma que quede suficientemente acreditado ( contrato de traballo, nómina, vida laboral, certificado de empresa,...).
5. As solicitudes de xornada completa sobre media xornada

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada

O sistema para dar de baixa a un alumno/a de forma definitiva na escola realizarase por escrito, cunha antelación de 1 mes.

### b) Renovacións

Para nenos e nenas que renoven praza na escola, a renovación realizarase nun período mínimo de 15 días hábiles entre o 1 de febreiro e o 31 de marzo do ano en curso.

### c) Novos ingresos

Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes ás reservas de praza, as prazas vacantes adxudicaránelles as familias solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo. Terán preferencia as solicitudes con irmán/a cunha praza renovada.

Poderase solicitar a reserva de praza de **novo ingreso entre o 16 ao 31 de marzo** de cada ano, debendo formalizar a matrícula nos 15 días hábiles do anuncio no taboleiro de anuncio da sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios da EIM. De xeito complementario procederase a súa publicación noutros medios (portal de transparencia e portal web do concello).

Fora do indicado prazo, a admisión de novas persoas usuarias supeditarase a existencia de vacantes segundo orde de presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

## 2 . Documentación matrícula

A documentación necesaria para a matrícula será:





## Concello de Mugardos

---

- a) Ficha de datos cuberta polos solicitantes na que conste o horario real de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.
- Fotos tipo carné do neno/a
  - DNI /NIE das persoas solicitantes
  - Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, e todas aquelas se consideren oportunas e que deberán estar asinadas polos seus pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a .
  - De selo caso, o informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou calquera outra incidencia que teña que ser atendida individualmente.
  - Cartilla de vacinación actualizada segundo o seu calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación acreditada polo SERGAS .
  - Documento acreditativo do nacemento da nena ou neno
  - Sentenza de demanda de divorcio, documento acreditativo da custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios de recollida, etc.
  - Aqueles outros datos/documentacións que sexan precisas e que deberán ser aportadas

### 3. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante **11 meses ao ano**. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias. O período subvencionable é o correspondente á atención educativa prestada aos nenos e ás nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o **1 de setembro e o 31 de xullo do ano en curso**

A Escola Infantil Municipal As Lagos está aplicando un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería.

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un **máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias**, respectivamente.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas diarias e un mínimo de 5 horas diarias no caso de xornadas completas e un mínimo de 3 horas diarias un máximo de 4 horas diarias no caso de medias xornadas.





## Concello de Mugardos

---

Segundo a orde de gratuidade da Xunta de Galicia, queda excluído das actuacións subvencionables o custo do servizo de comedor, cociña, as actividades extra á atención educativa, os materiais e calquera outro tipo de servizos e conceptos que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil.

Para a atención educativa establecerase o importe do prezo máximo que se vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no dito decreto

**As actividades extra** a atención educativa son as que se desenvolven fóra do horario de atención educativa, subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia, é dicir actividades extraescolares.

**As actividades complementarias** formarán parte do Proxecto Educativo do centro (terceira lingua, saídas didácticas, obradoiros, etc..) e desenvolveranse gratuítas e transversais ao currículo educativo dentro da xornada de atención educativa.

A EIM As Lagoas non cobra polo concepto de reserva de praza.

A falta de asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de **5 días sen xustificar** dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade.

A escola ofertará o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas.

As familias poderán escoller libremente, o período de desfrute das vacacións dos seus fillos e fillas, aínda que o período preferente serán os meses de verán (xullo e agosto).

O mes de agosto non é subvencionado polo que a asistencia neste mes dun neno ou nena debe ser aboada polas familias.

## Capítulo III. Obxectivos da escola

### Artigo 7º Obxectivos da escola

Son obxectivos específicos da escola:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as alumnos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do alumnado. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada alumno/a





## Concello de Mugardos

---

- Posibilitar a integración progresiva dos alumno/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar o uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas diarias/habituais.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promovan a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo do Centro e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.

## Capítulo IV. Horarios da escola

### Artigo 8º.- Horarios de apertura e peche da escola

A escola infantil abrirá un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada.

Non obstante, respectando estes criterios mínimos, a escola poderá determinar os seu calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos seus solicitantes.

As causas dos seus peches, estarán xustificadas e acreditadas

O horario de apertura e peche estarán expostos ao público no taboleiro de anuncios da escola e no RUEPSS e son: Apertura centro 7:30 horas, peche do centro 16:00 horas.

### Artigo 9º. Horario de permanencia do alumnado

1. O horario máximo de permanencia do alumnado na escola será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas polas que se poderá ampliar dito horario.





## Concello de Mugardos

---

1. A EIM As Lagoas abrirá un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada.

Non obstante, respectando estes mínimos, a escola poderá determinar os seu calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

Existen 2 tipos de xornadas:

- Xornada completa (entre 5 e 8 horas).
- Media xornada (entre 3 e 4 Horas).

Os horarios de apertura, peche, atención ás familias e calendario fixaranse ao inicio de cada curso escolar no taboleiro de anuncios da Escola e no RUEPSS dentro dos así marcados con carácter xeral:

- Apertura centro 7:30 horas, peche do centro 16:00 horas.
- Servizo de comedor almorzo ata as 9:00 horas; xantar 12:30-14:00 horas.

2. **Horario de atención amplo:** Entenderase por horario de atención amplo ao alumnado aquel que a escola ofrezca durante polo menos 9 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o alumnado prolongue a súa estancia na escola máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais así o aconsellaran, que deberán, en todo caso, estar xustificadas documentalmentemente no expediente. O custo destas deberá ser aboado polas súas familias.

Anualmente con motivo da apertura do período de matriculación, o Concello proporcionará información sobre os servizos que efectivamente pon a disposición das posibles persoas usuarias.

### Artigo 10º.- Entradas e Saídas

- a) Sempre que non supoña unha alteración das actividades do demais alumnado e do normal funcionamento da escola, o horario de entrada e saída do alumnado da escola deberá caracterizarse pola flexibilidade que lle requiran as necesidades das súas familias. Os horarios establecidos para a entrada e saída do alumnado deberán ser respectados polas súas familias.
- a) En caso de que se produzan atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección da escola estará obrigada a adoptar as medidas que considere oportunas, poñéndoo en coñecemento ás familia/s incumpridora/s.







## Concello de Mugardos

---

- b) A escola poderá establecer horarios específicos de entrada e saída obrigatorios para todo o alumnado con fin de respectar o Proxecto educativo do Centro e a correspondente Proposta Pedagóxica programada.
- c) As familias e/ou os representantes legais deberán recoller aos seus alumnos ao remate da xornada. Cando estas ou estes autoricen á dirección da escola para entregarllo a outra persoa, esta deberá estar debidamente autorizada e identificada.
- d) No caso de que o persoal da escola realice algunha saída didáctica fóra das súas instalacións, a súa dirección deberá poñelo previamente e por escrito en coñecemento de todos os seus pais e nais, tutores/as e representantes legais, e estes, pola súa parte, deberánlle dar o seu consentimento igualmente por escrito ou de calquera outra forma evidente. No caso de que non consintan a súa saída do alumno/a, este permanecerá na escola en compañía do persoal habitual cando a saída sexa de grupo. No caso de que a saída sexa conxunta, os alumnos non poderán asistir á escola nesa data, xa que esta permanecerá pechada.

### Artigo 11º.- A programación das actividades

A programación das actividades diarias da escola deberá adaptarse ás características psicopedagóxicas e sociais do seu alumnado.

A programación das actividades diarias deberá concretarse a través do *Proxecto Educativo* de Centro e da súa correspondente *Proposta Pedagóxica* e de acordo á normativa vixente sobre a ordenación e o currículo da educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Capítulo V. Causas da baixa do alumnado na escola

### Artigo 12º.- Baixas

- Un/ha alumno/a causará baixa na escola infantil cando se de/n algunha/s das seguintes circunstancias:
- Por superala idade máxima regulamentaria establecida para a súa permanencia.
- Por solicitude dos pais/nais, tutores/as e representantes legais.
- Por falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar no que se atope o/a alumno/a.
- Pola comprobación da falsidade dos documentos ou datos aportados.
- Pola incompatibilidade e/ou inadaptación absoluta para permanecer na escola.
- Pola falta de asistencia continuada durante polo menos de 5 días sen causa xustificada. Isto implica a baixa do alumno/a no programa de gratuidade sendo asumido o pagamento por parte da familia se non se quere causar baixa na escola. Ademais, a falta de asistencia sen xustificar durante un mes será baixa definitiva no centro.





## Concello de Mugardos

---

- Polo incumprimento reiterado das presentes Normas de Funcionamento.
- As baixas que se produzan ao longo do curso escolar, poderán ser cubertas polas persoas solicitantes que figuren na listaxe de agarda.

### Capítulo VI. Referente ás Familias

#### Artigo 12º.- Dereitos e obrigas

##### 1.- Dereitos

- As familias e/ou representantes legais deberán ser informados/as regularmente da situación do seu/súa alumno/a polo persoal da escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos...
- Así mesmo, poderán solicitar que dita información lles sexa ampliada a través titorías e reunións particulares co/a educador/a e director/a.
- Realizar unha visita ás instalacións e manter entrevistas persoais antes do comezo do curso.
- Coñecer e aceptar o funcionamento da escola e o modo en que se formula o seu *Proxecto Educativo* e a súa correspondente *Proposta Pedagóxica e Normas de Funcionamento* antes da formalización da matrícula.
- Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento da escola e das medidas adoptadas.
- Interpoñer queixas e reclamacións que considere pertinentes.
- Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou incidente que se considere relevante.
- A que a escola garante a protección dos datos do seu alumnado e das súas familias.

##### 2.- Deberes/ obrigas

- Respetar o *Proxecto Educativo do Centro* e a súa *Proposta Pedagóxica*, así como as presentes *Normas de Funcionamento* visadas.
- Informar da situación persoal do/a alumno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversións, cambios na situación familiar, afectiva, así como calquera cambio de enderezo, tlf., ...etc.
- Ser puntuais á hora do ingreso e da recollida do/a alumno/a.
- Cumprilos cos horarios de asistencia que teñan solicitados.
- Ser puntuais na aportación do material solicitado pola escola, a devolución de notas e das enquisas que se lles envíen.
- Ser dilixente nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.





## Concello de Mugardos

---

- Colaborar nas actividades da escola na medida do posible, dado que estas serán o eixo da relación entre a familia e a escola.
- Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as alumnos/as no seu proceso educativo.
- Comunicar con anticipación á escola do cambio das persoas que están autorizadas para recoller ao alumno/a na escola.
- Non levar aos/ás alumnos/as á escola cando non estean nas condicións físicas idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia que así o aconselle...).

### **Artigo 13º.- Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais**

As seguintes normas xerais serán de aplicación para garantir a participación activa e axeitada das familias:

1. O fomento da relación entre familia e a escola será preciso para acadar a optimización da educación do/a alumno/a.
1. A coordinación e o coñecemento da vida na escola facilitarase por medio de:
  - A entrevista inicial cos pais e nais, titores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador/a correspondente. Esta quedará rexistrada no seu expediente individual.
  - Os contactos diarios co/a educador/a de referencia.
  - A participación nas actividades: celebracións de festas, saídas da escola, ...
  - A colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións, ...
3. A relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais deberá ser fomentada en todo momento pola dirección da escola, mantendo como principais obxectivos:
  - Intercambio de Información.
  - A participación na vida da escola.
  - Intercambio de pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola transmitiralle aos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada alumno/a a información precisa sobre a súa evolución integral, como mínimo, no período de adaptación e ao final de curso. E realizará como mínimo un informe final evolutivo das áreas establecidas de acordo a normativa vixente sobre o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as alumnos/as á escola deberán realizarse de conformidade co horario establecido pola dirección, logo de ser oído o equipo educativo, e sempre e cando non se dificulte a boa marcha da escola.





## Concello de Mugardos

---

### Período de adaptación

A escola infantil planificará o período de adaptación, tendo en conta que coa súa entrada na escola o/a alumno/a perde temporalmente a súa relación continuada coa figura familiar de apego. Nese momento, o/a alumno/a vai entrar nun lugar descoñecido e a ter contacto con novas persoas, ademais de pasar de ser o centro de atención a ser un máis entre outros iguais. O desenvolvemento do/a alumno/a nese momento crítico vai depender, a todos os niveis, de como asimile este proceso.

O período de adaptación non debera ser superior a 15 días agás inadaptacións que requiran dun tempo superior que será xustificado á familia pola dirección da escola.

A EIM As Lagoas conta cun *Protocolo de Adaptación* do alumnado que lle será facilitado ás familias.

### Artigo 14º.- Instrumentos de información para as familias

Todas as familias serán informadas durante o período de adaptación e durante o curso do desenvolvemento do seu fillo ou filla a través da comunicación diaria tanto nos momentos de entrada como de recollida.

Con carácter xeral, se celebrarán as seguintes reunións:

- Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- Reunións individuais.

Ao principio do curso, a dirección da escola informará por escrito dos horarios de atención e información dispoñibles para os pais/nais, tutores/as ou representantes legais dos alumnos e alumnas.

### Artigo 15º.- Asociación de Pais e Nais.- ANPAs

A ANPA é o órgano de participación dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais dos alumnos e alumnas na vida da escola. A dirección fomentará a súa constitución e funcionamento.

A asociación promoverá nos seus propios estatutos os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos ao alumnado.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal da escola para favorecer o desenvolvemento integral do alumnado en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.





## Concello de Mugardos

---

### Capítulo VII. Servizos e actividades que poderá ofertar a escola

#### Artigo 16º.- Servizos básicos da escola

##### 1. Atención Educativa

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

A Escola Infantil Municipal As Lagoas conta cun Proxecto Educativo de Centro propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Real Decreto 95/2022, de 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os alumno/as.

A escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

A Escola Infantil Municipal As Lagoas oferta o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas diarias. A opción de asistencia elixida polas familias para o seu alumno ou a súa alumna implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 horas e un mínimo de 3 horas diarias.

A escola pode establecer un horario de asistencia obrigatoria para todo o alumnado co fin de desenvolver o Proxecto educativo e a súa correspondente Proposta Pedagóxica.

##### 2. Servizo de comedor

A EIM As Lagoas conta con servizo de comedor propio elaborado polo persoal do propio centro.

No Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establécese que o servizo de comedor “incluírá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almorzo e merenda e/ou cea, podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades: Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos”.





## Concello de Mugardos

---

Existe a disposición das familias unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das nenos/as.

Os alumnos e alumnas que sexan usuarios fixos do comedor durante o almorzo e a merenda cando non vaian utilizalo deberán avisar con suficiente antelación.

O servizo de comedor estará dispoñible para todos os/as nenos e nenas da escola maiores de 15 meses que o contrataran e que non padezan intolerancia ou alerxia alimentaria ningunha.

No caso de necesitar este servizo días soltos, solicitarase antes do día antes que se necesita.

Os horarios do servizo de cociña e de comedor son;

- Almorzo ata as 9:00 horas.
- Xantar 12:30-14:00 horas.

O servizo de comedor estará dispoñible para todo o alumnado da escola que o contrataran. No caso de que un alumno ou alumna precisase deste servizo algún día solto, solicitarao antes do día que necesite.

No caso de que o/a alumno/a padeza algunha alerxia ou enfermidade que impida a inxesta dalgún tipo de alimento, a familia deberá presentar informes médicos preceptivos.

### 3. Servizo de cociña

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define como servizo de cociña *“a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as propias persoas usuarias”*.

As familias deberán asinar unha autorización para poder proporcionar aqueles alimentos que acheguen cada día á escola co compromiso de levalos segundo as medidas hixiénicas establecidas, entre as que estarán as de: estar envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo preferente, nome e apelidos do alumno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e a indicación de se poden precisar ou non refrixeración.

### 4. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario escolar ampliado a atención ao alumnado polo menos durante 9/10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que alumno ou alumna prolongue a súa estancia nela máis de 8 horas diarias, agás que, por circunstancias excepcionais, deberá facelo. En calquera, estas deberán quedar xustificadas documentalmente no seu expediente.

Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe de acordo ao prezo público establecido.





## Concello de Mugardos

---

### 5. Información anual dos servizos ofertados

Anualmente con motivo da apertura do período de matriculación, o concello proporcionará información sobre os servizos que efectivamente pon a disposición das posibles persoas usuarias.

## Capítulo VIII. Normas para o alumnado

### Artigo 17º Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición

#### 1. Normas de saúde

Con carácter xeral, a escola atenderá ao disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e así como aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas”.

- Os alumnos/as deberán acudir á escola nas condicións correctas de saúde
- No casos da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia a escola, esta deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.
- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso no alumnado na propia escola, informarase a dirección e os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. Só será posible o reingreso na escola unha vez teña transcorrido o período de contaxio.
- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido na escola, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do/a alumno/a e, se é o caso, procurarase que reciba a atención médica axeitada. A escola contará cun *Protocolo de de Emerxencia Sanitaria* que lle será facilitado ás familias.
- Cando se produza unha falta de asistencia do/a alumno/a á escola por un período superior a 3 días, a causa da enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicarllelo á dirección da escola.
- Nos casos nos que se lle teñan que administrar medicamentos aos alumnos/as (porque poida supoñer un risco para saúde), estes deberán ir acompañados da correspondente receita médica, actualizada á data do tratamento, e na que constará o nome do alumno/a, o nome do medicamento, a forma, a dose e a periodicidade da súa administración.
- Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización escrita dos proxenitores, titores/as ou representantes legais.







## Concello de Mugardos

---

Con carácter xeral, evitarase a administración de medicamentos ao alumnado durante a súa estancia na escola. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos os alumnos/as nas horas que permanezan na súa casa, sempre que o tratamento así o permita.

### 2. Normas de hixiene persoal do alumnado

Todo o alumnado asistirá en óptimas condicións hixiénicas á escola.

### 3. Normas de vestiario

- a) A roupa e o calzado deberá ser cómodo, evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Tamén deberán descartar os modelos tipo buzo.
  1. Por motivos de seguridade, o alumnado non poderá traer obxectos como pulseiras, medallas ou cadeas. Evitáranse ademais os lazos, horquillas, pinzas, , gomas, e outros que poidan resultar perigosos para o alumnado ou os educadores.
  1. A escola poderá obrigar ao uso de uniforme, mandilóns, chándales. Con todo, as familias deberán poder elixir, libremente, adquirir os uniformes básicos nos establecementos da súa preferencia. No caso de que a escola esixa que o uniforme, mandilóns, chándales inclúa logotipos, escudos ou outros emblemas, esta deberá favorecer a súa adquisición separada.

### 4. Normas de alimentación

1. A escola proporcionará unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade e informará ás familias semanal, mensual ou por tempadas dos menús previstos, a través do taboleiro de anuncios , así como de calquera modificación que se produza nos mesmos. Ditos menús proporcionarán información clara e detallada dos produtos utilizados para a súa elaboración, así como as cantidades axeitadas ás idades do alumnado.
1. A escola prestará un especial coidado na atención a aqueles casos nos que o/a alumno/a, por razón das súas circunstancias persoais, deba recibir certos alimentos ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deberán ser facilitados pola familia.
2. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente, e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación dunha semana. Recoméndase que se recolla a lenda “menú para escola infantil..... supervisado por -colexiado/a.”.
3. Respetaranse os horarios establecidos para as comidas.

### Artigo 18º.- Distribución das dependencias

As dependencias do centro distribúense de acordo as dependencias autorizadas segundo o Permiso de inicio de Actividade da escola.- PIA ou as correspondentes modificacións substanciais do centro solicitadas a Inspección de Servizos Sociais.







## Concello de Mugardos

---

Os cambios de uso dalgunha das dependencias son comunicadas ao Servizo de Inspección de Familia e Menores.

### Uso das dependencias e do material

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

## Capítulo IX. Promoción da integración e da igualdade entre o alumnado

### Artigo 19º.- Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos alumnos/as con necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) ou con outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe (DEA). Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as alumnos/as con NEAE ocuparán dúas prazas. Neste caso, a axuda solicitada tamén deberá multiplicarse por dous.

### Artigo 20º.- Fomento da igualdade entre o alumnado

1. A escola é o principal axente educativo da infancia. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento.
1. Na escola, a educación non sexista implica a participación do profesorado e da familia e a sociedade en xeral.
2. A escola programará actividades para promover a igualdade entre o alumnado evitando os comportamentos discriminatorios por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou económica. Estas actividades reflectirase nos proxectos educativos e curriculares.
3. A aula disporá dunha oferta de materiais de diferente tipo e adaptados ás idade do alumnado desa aula e os/as educadores/as coidaran dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e cren ambientes significativos.
4. Coa finalidade de evitar desigualdades por razón de xénero e na transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto, haberá que coidar a selección e o emprego dos materiais e dos espazos.





## Concello de Mugardos

---

5. Ao alumnado achegáreselle un coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potenciará en todo momento as actitudes de respecto e aprecio.

### Capítulo X. A lingua

#### Artigo 21º.- A lingua dos documentos oficiais

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

##### 21.1. O emprego da lingua na aula

Na etapa de educación infantil, o persoal educativo empregará as dúas linguas cooficiais na aula, fomentando a participación do uso das dúas linguas cooficiais en diferentes situacións e recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrezca á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

### Capítulo XI. Persoal

#### Artigo 22º.- Rateos de persoal

A EIM As Lagoas cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación vixente.

Así mesmo, a escola infantil contará cunha dirección pedagóxica que recaerá nalgún dos membros do persoal coa titulación de licenciado/a ou mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente e será nomeada para o desenvolvemento das tarefas propias da dirección pedagóxica.

#### Artigo 23º.- O equipo técnico educativo

É aconsellable a constitución dun **equipo técnico** configurado como un grupo de traballo, a través do cal o persoal de atención directa ao alumnado participa do proxecto integral da escola. Este equipo estará integrado polo/a director/a ou e pola dirección pedagóxica, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa ao alumnado.

#### Artigo 24º.- O persoal de atención directa e de apoio





## Concello de Mugardos

---

1. O **persoal de atención directa** ao alumnado será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice as funcións que, segundo a súa categoría profesional, se establezan no correspondente convenio colectivo.
- 2.- O **persoal de apoio** á atención e coidado do alumnado será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que, segundo a súa categoría profesional, se establezan no correspondente convenio colectivo.

### Artigo 25º Outro persoal

A escola dispoñe do persoal necesario para o seu desenvolvemento, segundo a súa categoría profesional e de acordo a como se estableza no correspondente convenio colectivo.

## Capítulo XII. Réxime de cobramento

### Artigo 26º. Criterios de gratuidade

A EIM As Lagoas esta acollida as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, e unha vez realizada a inscrición e constatada a asistencia á escola infantil do alumno/alumna, poderá establecer un pagamento como reserva de praza que será compensado pola entidade, ao longo do curso escolar, con outros servizos e conceptos distintos da atención educativa que preste no centro.

Cando non se produza a incorporación dun alumno/a no mes de setembro, na data do inicio do curso, e agás causas xustificadas, non se devolverá a cota da Reserva de Praza.

**A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade sendo a familia a que asumirá o gasto da atención educativa para non perder a praza no centro.**

As cotas de servizos de comedor, servizo de cociña, reserva de praza, horario amplo, horas extras, materiais, servizos complementarios ou actividades extras, e outros conceptos serán detalladas na Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios da escola e no seu correspondente apartado do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias, en función dos servizos utilizados.

### Artigo 27º Prezos

O listado de Prezos dos servizos prestados serán desagregados; por tipo de gasto, por unidades, especificando si son obrigatorios ou voluntarios e a periodicidade dos pagos. Serán aboados polas familias no prazo e polos medios establecidos na Ordenanza Fiscal.

O Concello de Mugardos como solicitante da axuda para a gratuidade da atención educativa, aplicará un réxime de prezos equivalente ao regulado polo Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro,





## Concello de Mugardos

---

coas actualizacións publicadas da variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos seguintes termos:

- a) Para a atención educativa establece o importe do prezo máximo que se vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen no dito decreto.
- b) Para o servizo de comedor poderán percibir das persoas usuarias o importe do prezo máximo unitario equivalente ao establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro.
- c) Para a matrícula poderán percibir, en relación coas persoas usuarias, o importe do prezo da matrícula que estea recollido na ordenanza fiscal correspondente ao curso anterior, co límite máximo establecido.

A autoridade competente procederá a adoptar outros prezos e tarifas se fora preciso adaptarse a novidades normativas ou á prestación de novos servizos ou outros conceptos a aboar as familias.

### 1. Actualización de Prezos

Atenderase con carácter xeral ao establecido na Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación deste servizo público.

Os prezos establecidos actualizaranse cando proceda cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos ao consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar, segundo o Decreto 91/2014 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia polo que se modifica o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería e a Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes desta axencia.

### Artigo 28º Recibos

Os prezos dos servizos prestados estarán desagregados por tipo de gasto e deben ser aboados polas familias no prazo dos dez primeiros días de cada mes.

De selo caso, nos xustificantes mensuais de pagamento constará o número de horas ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de *prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia*.

### Artigo 29º Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, a escola reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada ao alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións dos/as alumnos/as.





## Concello de Mugardos

---

As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán (xullo e agosto).

O mes de agosto non é subvencionable pola Xunta de Galicia polo que será aboado pola familia se a asistencia do neno/as fose necesaria pola necesaria conciliación da vida laboral e familiar

### Capítulo XIII. Medidas de seguridade e hixiene

#### Artigo 30º- Medidas de seguridade e hixiene

##### 1. Medidas de seguridade e hixiene

A EIM As Lagoas conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:

- Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia na escola.
- Medidas anti-incendios.
- Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións no alumnado, tales como cantoneiras, protección de arestas e antipilladedos.
- Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable da escola.

A EIM As Lagoas conta ademais con:

- Póliza de responsabilidade civil e de accidentes cunha base de tarifación para todas as persoas usuarias do centro.
- Póliza de sinistros do edificio, con cobertura para a reparación dos posibles sinistros do edificio , vixente en todo momento.
- A escola informará as persoas usuarias do protocolo en caso de emerxencia sanitaria: as actuacións a seguir ante unha situación de emerxencia sanitaria incluído o procedemento de actuación no caso de derivación a un centro hospitalario o cal incluírá a obriga de informar inmediatamente ás familias, titores/as e representantes legais.
- No caso de que o centro dispuxese de cámaras, as familias deben coñecer e aceptar o protocolo correspondente.

##### 2. Persoal

- Os traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios ante unha emerxencia.
- persoal da escola manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.





## Concello de Mugardos

---

- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado do alumnado deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.
- Todo o persoal da escola que teña contacto habitual co alumnado contará cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de Persoas.

### Capítulo XIV. Libro de Reclamacións

#### Artigo 31º. Reclamacións

1. A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación est recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).
1. A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo das escolas e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

### Capítulo XV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento

Estas Normas de Funcionamento (RRI) entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios da escola a disposición das persoas usuarias e seranlle entregadas ás familias co texto íntegro e cos anexos correspondentes.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas.

As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente.





## Concello de Mugardos

---

### Capítulo XVI. Normativa de Aplicación

- Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia. (DOG nº 245, 18.12.2008).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº 156, 16.08.2005).
- Decreto 254/2011 de 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 166, do 29 de xuño).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG núm. 41, do 29 de febreiro).
- Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Orde do 3 de xullo de 2000 pola que se aproba o contido mínimo do Regulamento de réxime interior de centros de atención á primeira infancia pertencentes á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG núm. 141, 20.07.2000).
- Regulamento Municipal do Uso do Galego no Concello de Mugardos, aprobado definitivamente e publicado no BOP núm. 166, 21.07.2004.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 203, 21.10.2010).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG nº 134, 13.07.2011).
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de Seguridade Alimentaria e Nutrición.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (DOG núm. 63, 30.03.2012).
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuir os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.





## Concello de Mugardos

---

- Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.
- Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería en materia de servizos sociais.
- Ordenanza fiscal vixente do Concello de Mugardos.

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

O Alcalde

